

VISITA CULTURAL Á PROVINCIA DE OURENSE (días 9 -10 de marzo)
ALUMNADO: 4º ESO IES Illa de Sarón –Xove e IES Monte Castelo – Burela.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES



XOVES DÍA 9:

- ✓ 08:00h: saída de Xove- Burela
- ✓ 11:30h -13:30h: Visita guiada ao [pazo de Fontefiz](#), un pazo fidalgo que alberga un centro que ten por obxectivo a conservación e recuperación das razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción. A visita consistirá nun percorrido polo pazo para ver os espazos máis emblemáticos do edificio: a lareira, a capela, as chemineas, os reloxo de sol, a tulla e o museo da gandaría. Logo, visitaranse as instalacións agrogandeiras: a eira de mallar, o canastro, o recinto dos cabalos, un percorrido para observar os diferentes grupos de gando que se crían no recinto (vacas, cabalos, ovellas, pitas e porcos). Entrada á corte dos bois para coñecer de preto os exemplares das cinco razas autóctonas en perigo de extinción (Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa). E por último, unha mostra didáctica sobre sementeiras e plantacións.
- ✓ 14:00h: **xantar** por conta do alumnado. (Recomendable levar bocadillo).
- ✓ 16:00 - 18:00: [visita á cidade de Allariz](#): paseo polo casco histórico e museos: museo da moda; museo do coiro..., acompañados de guías locais.
- ✓ 18:00 - 20:00: **percorrido libre pola vila de Allariz**
- ✓ 20:00 Chegada á [Fundación Ramón González Ferreiro](#). Cea, aloxamento e almuerzo do día seguinte, nesta fundación.

VENRES DÍA 10:

- ✓ 9: 30 Saída para **Celanova**.
- ✓ 10:00h: recepción na Praza maior e visita á **Casa dos Poetas-Fundación Curros Enríquez**. Coñeceremos nesta mesma cidade a ruta dos poetas, roteiro literario, con lectura de poemas de **Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro** en puntos da vila que estiveron estreitamente relacionados coa súa vida e coa súa obra.
- ✓ 11:30: Visita á Biblioteca do IES Celanova, para que coñezan este espazo que, durante a guerra civil, o bando franquista empregou como cárcere. (Curiosidade: este instituto é un dos escenarios da serie de televisión, *O desorde que deixas*)
- ✓ Descanso
- ✓ 12:30h: visita ao **mosteiro de San Salvador** e ó **oratorio mozárabe da capela de San Miguel**, situado no xardín do mosteiro.
- ✓ 14:00h: xantar na vila de Celanova (reserva nun restaurante da localidade) .
- ✓ 16:00h: visita á **vila medieval de Vilanova dos Infantes**. Visitarase o **Santuario da Virxe do Cristal** (século XVIII) recreado por Curros Enríquez nunha das súas obras, ademais doutros puntos de interese cultural.
- ✓ 17:00 regreso cara a Mariña
- ✓ Aproximadamente 20:30. Chegada a Xove

Presuposto orientativo: (dependerá do número de alumnos/as participantes na actividade.

Aloxamento, cea e almorzo en Allariz	27 €/ alumno/a
Visita guiada a Allariz e entrada en museos:	5 €/ alumno/a
Visita á Fundación Curros Enríquez e percorrido por Celanova	2 €/ alumno/a
Xantar do venres en Celanova	11 €/ alumno/a
Traslado en bus con chófer durante os 2 días	25 €/ alumno/a (50 persoas)
TOTAL (orientativo):	70 €/ alumno/a